

## Política de calidade

O decanato da Facultade de Veterinaria é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario e da sociedade.

Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu plan estratéxico) a Facultade de Veterinaria elabora a súa política marcando como principal obxectivo o desenvolvemento de programas formativos avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

A misión da Facultade de Veterinaria no seu Grao en Veterinaria é mellorar a saúde e o benestar dos animais e a saúde pública, desde unha perspectiva do “One Health”, a través da excelencia na educación, a investigación, a práctica profesional e o servizo comprometido coa sociedade. Os obxectivos para o seu Máster en Xenómica e Xenética é dar unha formación moi especializada que aporte coñecemento para o desenvolvemento de produtos biotecnolóxicos, mellora da saúde humana e animal, a conservación e xestión de animais e plantas e a comprensión de procesos evolutivos dos seres vivos.

O principal obxectivo da Facultade de Veterinaria é a creación dun currículo profesional innovador e acreditado, que educa aos estudiantes, fomentando o seu pensamento crítico e analítico e prepáraos para a aprendizaxe e crecemento profesional continuo, para dar resposta ás demandas domercado laboral, tecnolóxico e investigador. A facultade persigue igualmente promover o crecemento e a excelencia na investigación nos ámbitos nos que é competente.

Con estes obxectivos dirixe os seus esforzos cara á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os seus grupos de interese, para o que se compromete a empregar todos os recursos técnicos, económicos e humanos á súa disposición, garantindo as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos, e rendendo contas do investimento e optimizacióndos seus recursos.

Por todo o antedito, o decanato da Facultade de Veterinaria establece a súa política baixo estes principios:

**Responsabilidade:** proporcionar unha formación dirixida cara á excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos nosos usuarios e da sociedade en xeral.

**Integración, participación e igualdade:** establecer como un dos principios claves da súa política que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas e que todos participen no desenvolvemento da facultade a través das vías establecidas para iso garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.

**Orientación ao alumnado:** garantir no seu programa formativo a orientación ao alumno entendendo que é o seu principal receptor.

**Excelencia:** traballar tendo como meta alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as principais escolas e facultades recoñecidas.

**Transparencia:** basear a xestión dos seus programas formativos na transparencia dos seus resultados e na difusión destes aos seus grupos de interese.

O decanato da Facultade de Veterinaria adquire o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o cal o decano subscribe este documento de política de calidade o día 01 de xullo de 2021.

Sinatura do Decano da Facultade de Veterinaria: Gonzalo Fernández Rodríguez